

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei**

- 1.1 7107 (10/PNC-000730)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra as mafias que trafican con pisos baleiros  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017*
- 1.2 7823 (10/PNC-000821)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 5 máis  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento do orzamento previsto para o ano 2017 para o programa específico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como o impulso de medidas específicas na materia para as mulleres galegas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017*
- 1.3 8027 (10/PNC-000841)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel  
Sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia dunha estratexia de reestruturación da débeda pública galega para transformar o endebedamento cos bancos e outros acredores privados en préstamos da Administración central  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*
- 1.4 8045 (10/PNC-000845)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco e 2 máis  
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central respecto da creación dunha conta bancaria de servizos mínimos esenciais e, namentres, a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*
- 1.5 9191 (10/PNC-000960)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias das persoas usuarias do programa da Axencia Tributaria para a elaboración da declaración da renda de 2016 referidas ás dificultades existentes para realizar os trámites en lingua galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017*

- 1.6 9315 (10/PNC-000973)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a realización polo Goberno galego dun informe respecto das consecuencias da reestruturación bancaria en Galicia, a situación de concentración do mercado financeiro tras a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e a súa afección para as persoas usuarias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/06/2017 12:55:19**